



COSTA DE RIBEIRA A AGUIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2018



Distancia: 8 a 10 km (lineal)

Dificultade: baixa



O traxecto de Ribeira a Aguiño, que é case un contínuo de casas pola estrada, troca nunha fermosa camiñada de descubertas se o facemos a pé pola beira do mar, porque detrás de cada volta atopamos detalles de interese: restos de almacéns de salga e os vellos peiraos polos que se abastecían, pequenas praias, que case come o mar cando enche, acollidas entre fermosos conxuntos de rochas, que na beirada ou mar adentro lles serven de marco e abrigo, arredor dos que faenan as xentes do mar. Unha paisaxe para ver e gozar con detemento que é moi doado percorrer seguindo o paseo entre Ribeira e a Ameixida continuando logo con tramos que alternas pasarelas, praias e rochedos, máis doado de facer coa marea baixa aventurándose polas pedras e os areais. Para botar unhas horas dun día no que non aprete moito a calor.



RIBEIRA



Illotes do Carreiro e As Centoleiras



Praias do Castro e Areeiros (Aguiño)

PERCORRIDO

Saíndo de **Ribeira**, ao comezo do percorrido xa atrae a nosa atención o conxunto rochoso da **Insua** e máis alá **Rúa**, e durante todo o traxecto, ao fondo, o **con de Nor** e a illa de **Sálvora**, ao pouco temos diante a **punta Cativa** que en canto a doblamos nos descubre as **praías de Fontán e Gavoteira**, logo o camiño sepárase da estrada para levarnos ao peirao e á praia de **Touro** e poñernos diante da punta do mesmo nome na que se asentan os restos dunha salga. Detrás dela atopamos a **praia Area Secada**, tamén con peiraos e restos de salgas, para continuar por unha pasarela elevada que supera o cantil que oculta a **Ameixida** e a súa praia. Aquí remata o camiño acondicionado pero é doado seguir pola beira subindo polas rochas, se a marea non está moi chea, para baixar á **praia de Mosqueiros** e dela pasar á de **Castiñeiras**, da que a separan unha ringleira de pedras, e chegar ao peirao de Castiñeiras ao pé do que se atopa a **punta do Castro**. Desde a punta do Castro, un magnífico punto panorámico entramos na **praia do Castro** co seu sistema dunar, en grande parte ocupado polas construcións, que se pode percorrer pola beira do mar ou pola pasarela de madeira construída por enriba das dunas aínda que logo, para respectar o sistema, se desvía á beira da estrada para volver entrar de novo no acceso ás **Centoleiras** -un fermoso paseo desde o que se teñen puntos de vista diferentes da costa desde o mar- antes de rematar a camiñada en **Aguiño** despois de pasar pola **praia das Tascas**, achegarse ao porto, alongar a viaxe ata o **porto fenicio da Covasa** e ruar un pouco pola localidade. A volta pódese facer camiñando pola estrada, uns 6 km, ou en autobús desde o porto de Aguiño.



Punta e praia Gaivoteira




Punta e peirao de Touro



Punta Pateira



As Insuas



Praia da Furna



Praia Area da Secada




Punta e praia da Ameixida



Punta e praia de Castiñeiras



Punta e praia Mosqueiros



Illotes Irós



Punta do Castro, con Aguiño ao fondo



Punta do Castro



Praia da Tasca



AGUIÑO



O Carreiro e As Centoleiras
(ao fondo Aguiño e a praia do Castro)



Punta e porto da Covasa